



**PLAN DE TRABALO LINGUA ESTRANXEIRA:INGLÉS.
1º PRIMARIA. CURSO 2023-2024
EQUIPO DOCENTE: INGLÉS**

MATERIAIS:

- Worksheets.
- Flashcards.
- Recursos dixitais.
- Materiais audiovisuais.
- Cancións.
- Contos.
- Xogos.

PLAN DE TRABALO:

Tódalas sesións comezarán cunha rutina de saúdo seguida dunha breve actividade oral para repasar os contidos da sesión anterior.

A continuación, comezaremos coa explicación das tarefas ou actividades que se levarán a cabo na presente sesión e que, de non ser rematadas no tempo establecido, deberán ser rematadas na casa. Polo contrario, o alumnado que remate as tarefas antes de tempo, terá á súa disposición actividades de ampliación con carácter lúdico.

Compre salientar que ó remate de cada unidade, unha vez realizada a avaliación da mesma, contaremos con actividades de reforzo para repasar aqueles contido que así o precisen.

No que se refire á organización do traballo, poñerase énfase nas actividades en pequenos grupos buscando fomentar aspectos como o traballo cooperativo e a titoría entre iguais.


CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os contidos desta materia divídense en tres grandes bloques: comunicación, plurilingüismo e interculturalidade. Tal e como establece a lexislación vixente, ditos bloques de contidos teñen un carácter global e progresivo, polo que os tres bloques serán abordados de forma conxunta desde primeiro trimestre, afondando e ampliandoos contidos a medida que avanza o curso.



Deste xeito, os diferentes contidos que abrangue cada un dos bloques son:

BLOQUES DE CONTIDOS	CONTIDOS COMÚNS A TÓDALAS UNIDADES
COMUNICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo. • Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. • Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. • Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. • Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
PLURILINGÜISMO	<ul style="list-style-type: none"> • Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). • Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a • partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.



INTERCULTURALIDADE

- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.





1 ST TERM	2 ND TERM	3 RD TERM
<p>Léxico de alta frecuencia relativo a: saúdos, despedidas, cores, números do 1 ao 10, presentación, sentimentos.</p> <p>Estruturas sintácticas: number+colour+noun, How are you? I'm ... (happy). How old are you? I'm (number), What's your name? My name is...</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: objetos de clase.</p> <p>Estruturas sintácticas: It's a (pen). This is a (book).</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: familia, profesións.</p> <p>Estruturas sintácticas: This is my + family member, He's/She's + age/feeling/job.</p>	<p>Léxico de alta frecuencia relativo a: partes do corpo.</p> <p>Estruturas sintácticas: I've got...</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: mascotas, animais, adxectivos.</p> <p>Estruturas sintácticas: What's this?, It's a..., He's got/She's got a...</p>	<p>Léxico de alta frecuencia relativo a: comida, gustos.</p> <p>Estruturas sintácticas: I like/Idon't like... It's healthy/unhealthy.</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: adxectivos, verbos.</p> <p>Estruturas sintácticas: I'm/She's/He's + adxectivo, It's a...</p>
<p>Celebracións: Halloween, Christmas, Easter, Día da paz, etc traballárase ó longo do ano na data correspondente.</p> <p>Outros: estacións do ano, meses, días da semana, tempo, etc traballárase ó longo do ano.</p>		

AVALIACIÓN:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.

No tocante á avaliación, ó longo do curso fomentárase a coavaliación e autoavaliación co obxectivo de aumentar a motivación e que o alumnado sexa plenamente consciente da súa evolución ó longo do proceso de ensino- aprendizaxe.

BLOQUES DE CONTIDOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	%
Comunicación	<p>Escala de observación. Rexistro anecdótico. Probos específicas. Análise da produción do alumnado. Intercambios orais. Dixitais (kahoot, quizziz...)</p>	60
Plurilingüismo	<p>Escala de observación. Rexistro anecdótico.</p>	20



XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE DE
TARRÍO

As Baxariñas, nº 72
15189 Tarrío - Culleredo (A Coruña)
Teléfono: 981 67 76 57
Fax: 981 64 89 15

Correo electrónico: ceip.tarrío@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdetarrío>



Interculturalidade	Observación dunha actitude positiva e interese de cara á lingua inglesa.	20
---------------------------	--	----

